

## **Xoán Gato elixido nuevo presidente de la Cámara de Comercio de Ferrol**

**Ferrol. 24/06/2010.** Xoán Gato Díaz foi elixido esta tarde como novo presidente da Cámara de Comercio de Ferrol no transcurso dunha sesión que estivo presidida pola directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia, Nava Castro.

Gato, que se converte no décimo oitavo presidente da cámara ferrolá, recibiu 17 votos polos 12 de Ana Belén Franco Martínez que tamén optaba á presidencia.

Xunto con el resultaron elixidos os candidatos do equipo que propuxo para formar parte do comité executivo da entidade. Así, Cándido Hermida Campos será vicepresidente primeiro, Cristóbal García Nores, vicepresidente segundo e Juan Ramón López Prieto, tesoureiro.

Completarán a composición do comité executivo para os próximos catro anos, en calidade de vogais, Javier Orosa García, Evangelina Barros Soto, Antonio Montero Martínez, Olga Bergantiños Montes e Fernando Fernández Barreiro.

O novo presidente expresou o seu compromiso de cumprir coas propostas do programa de Novo Impulso, unha candidatura que "logrou espertar a ilusión para que a comarca alcance as maiores cotas de desenvolvemento" e de facer unha cámara máis aberta, democrática e participativa.

Tamén manifestou a súa intención de tender pontes "para que non haxa un pleno dividido senón que sexamos todos un para servir aos empresarios que acudiron a votar".

Pola súa banda, a directora xeral de Comercio, en nome da Xunta de Galicia, destacou o papel das Cámaras como colaboradoras das administracións públicas coas que traballan para dar resposta ás inquiredanzas e necesidades do empresariado en ámbitos como a internacionalización, a formación, a innovación ou o apoio a emprendedores.

Neste sentido, manifestou a disposición da Consellería de Economía e Industria para incrementar esta colaboración e lograr facer realidade, antes de que conclúa esta lexislatura, o portelo único para a creación de empresas.

